



Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) da Universidade da Coruña para o desenvolvemento do programa “**TALENTOS INCLUSIVOS**”

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Don. **RICARDO JOSÉ CAO ABAD**, reitor da Universidade da Coruña, que actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro, que outorga ao reitor a facultade de asinar convenios en nome da Universidade da Coruña da que forma parte o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC).



MANIFESTAN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe una acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.
3. Que a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, remite no seu artigo único á disposición adicional vixésima quinta punto 4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que refire que "En todo caso, as Administracións educativas impulsarán o incremento da presenza de alumnas en estudos do ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñería, artes e matemáticas, así como nos ensinos de formación profesional con menor demanda feminina. Do mesmo xeito, as Administracións educativas tamén promoverán a presenza de alumnado masculino naqueles estudos nos que exista de forma notoria unha maior matrícula de mulleres que de homes".
4. Que o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions da Universidade da Coruña (en adiante CITIC) é un Centro de Investigación da Universidade da Coruña, recoñecido pola Xunta de Galicia e integrado na Rede de centros de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (CIGUS). Ten como misión ser unha entidade xeradora de coñecemento e de tecnoloxía innovadora que sustenta o constante I+D+i tecnolóxico por medio da realización de actividades de investigación, desenvolvemento científico e tecnolóxico vinculadas ao sector das Tecnoloxías da Información e as





Comunicacións, co remate de potenciar o avance e a excelencia na investigación, o desenvolvemento e a innovación nas TIC e fomentar a transferencia de coñecemento e resultados á sociedade.

5. Que o CITIC desenvolve un programa que combina a atención á diversidade coa xestión do talento do alumnado en centros educativos galegos denominado "talentos inclusivos" coordinado dende a dirección do Centro por Manuel Francisco González Penedo e Javier Pereira Loureiro. Trátase dunha actuación encamiñada por unha banda a achegar a tecnoloxía e a ciencia a mozos e mozas non universitarios para promover vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas), facéndooos partícipes de proxectos tecnolóxicos de utilidade social e de sustentabilidade, e por outra banda, a visibilizar ás persoas con Parálise Cerebral ou outra diversidade funcional.

6. Que as entidades asinantes comparten o interese en espertar vocacións tecnolóxicas entre estudantes de ensino secundario e bacharelato, así como traballar na atención a diversidade a través de equipos colaborativos que traballan conxuntamente durante todo o curso académico.

En consecuencia, as dúas partes acordan subscribir este convenio conforme as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e o CITIC para o desenvolvemento do programa "Talentos Inclusivos" no curso 2024-2025 así como outras colaboracións nos ámbitos da atención á diversidade e das tecnoloxías dixital-stem.

Segunda. *Desenvolvemento da colaboración*

1.-O CITIC levará a cabo as seguintes actuacións:

a) Facilitar o desenvolvemento do programa "Talentos Inclusivos" no curso 2024-2025 en centros educativos da Comunidade autónoma de Galicia.





- b) Prestar asesoramento e apoio técnico aos centros participantes en todas aquelas cuestións relacionadas co desenvolvemento do programa.
- c) Favorecer a participación nas actividades de divulgación e visibilidade que se deriven do programa "Talentos Inclusivos".
- d) Manter un rexistro dos equipos de traballo nos que están participando os centros educativos para poder certificar a actuación.
- d) Incorporar nas accións de publicidade e comunicación, así como no material de soporte xerado en relación co programa a mención á Consellería coa imaxe corporativa correspondente.
- e) Propor a comisión mixta de seguimento a relación de centros educativos posibles para a súa participación.

2.- A Consellería levará a cabo as seguintes actuacións:

- a) Convocar as bases para o procedemento de selección dos centros educativos participantes no programa no curso 2024-2025 una vez sexan definidas pola comisión mixta de seguimento do proxecto.
- b) Colaborar co CITIC para o adecuado desenvolvemento do programa "Talentos Inclusivos" e facilitar a xestión de procedementos de recoñecemento e certificación do profesorado dos centros educativos participantes.
- c) Cooperar co CITIC no desenvolvemento de actividades de divulgación e visibilidade que se deriven do programa "Talentos Inclusivos".

3.- O presente acordo permitirá establecer unha canle de comunicación entre as entidades asinantes e establecer pautas para potenciar futuras actividades de colaboración para o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais-stem no ámbito da atención á diversidade, a promoción do deseño universal e o fomento da vida autónoma.

Terceira. Financiamento



Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Cuarta. *Relacións laborais*

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (CITIC) da Universidade da Coruña e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Quinta. *Comisión de seguimento*

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase una comisión mixta, formada por seis persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia a unha das persoas representantes da Consellería e a secretaría a unha do CITIC.
2. A comisión reunirase, con carácter ordinario, unha vez no curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.
3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:
 - a) Elaborar as bases para a participación no programa por parte dos centros educativos.
 - b) Aprobar a relación de centros escolares participantes no proxecto.
 - b) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
 - c) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.





d) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

e) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta. *Natureza e réxime xurídico*

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

Sétima. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).





Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Oitava. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Novena. *Resolución*

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2024-25, isto é o día 31 de agosto de 2025, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán



por obxecto a redución do volume das obrigas ou a modificación do seu prazo de execución.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal de catro anos.

Décimo primeira. *Notificación electrónica atención*

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asínase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL,

POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA,

O CONSELLEIRO,
Román Rodríguez González

O REITOR
Ricardo José Cao Abad

